



O vindeiro **venres, 19 de maio ás 20:30h**, terá lugar o faladoiro "**A crise das megalópoles e o movemento da nova ruralidade**"

por

Félix Rodrigo Mora

e presentado por

César Lema.

Organizado pola Rede Galega de Sementes (Val Miñor) coa colaboración do IEM, que se desenvolverá na Aula de Cultura Ponte de Rosas, Avenida da Feira Nº 10 baixo, Gondomar.

"Tras decenios dun crecemento patolóxico das grandes cidades agora asistimos á posta en evidencia da súa irracionalidade e disfuncionalidade. Se ata hai pouco eran a expresión mesmo do óptimo, fronte a unha ruralidade estigmatizada de mil maneiras, hoxe son consideradas pola maioría dos seus habitantes como un espazo cada día máis negativo para facer nel a vida. Moitos desexan abandonalas e unha minoría atreveuse xa facelo. Todo iso constitúe un dos problemas máis palpitantes do noso tempo"

Félix Rodrigo Mora

Escritor, historiador, filósofo e político nado en Soria en 1951. Autodidacta e alleo ao mundo académico.

Estudoso crítico das formas de estado, os sistemas de goberno e investigador da sociedade rural popular e a natureza negativa do estado de benestar.

Escrito por IEM -Sec

Mércores, 10 Maio 2017 19:45

Autor de 23 libros relacionados coa historia, a política, a economía e a ética, entre eles: Pensar o 15M e outros textos, O xiro estatolátrico, Repudio experiencial do Estado de Benestar, Seis estudos sobre política, historia, tecnoloxía, universidade, ética e pedagogía, Crise e utopía no século XXI. Natureza, ruralidade e civilización.